

EXPTE. 2893/500

CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. OBXECTO

Segundo consta en Informe Proposta de 20-04-2022 sobre necesidade e idoneidade da presente contratación/ orde de inicio do expediente, a mesma ten por obxecto unha serie de prestacións conducentes ao desempeño axeitado da “competencia local de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos” recollida no artigo 106.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local mediante o cumprimento das prestacións ás que o Concello está obrigado segundo Convenio de Colaboración subscrito entre o Concello de Vigo e a Dirección Xeral do Catastro o 21 de novembro de 2021, (BOE nº 289 de 3 de decembro de 2021), as prestacións complementarias a este aprobadas pola comisión de Seguimento do Convenio con data 10 de xaneiro de 2022, outras que o Concello ten en virtude do disposto no artigo 14 do Real decreto legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora do Catastro Inmobiliario, as tramitacións a que o Concello está obrigado como titular catastral e outros servizos de interese para a xestión tributaria e para as bases de datos espaciais do Concello que se incorporarán á Plataforma Municipal VCI+.

As prestacións do presente contrato concréntanse nos seguintes servizos:

LOTE A) ZONA ESTE:

I- SERVICIOS RELATIVOS Á EXECUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

I.1. Atención á cidadanía no Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello e recepción de documentación.

Este servizo será prestado pola adxudicataria deste lote para todo o territorio municipal, tanto para a zona Este como a Oeste, correspondéndolle a prestación durante a metade da xornada de atención.

I.2. Tramitación de expedientes de alteracións de orde xurídica de inmobles e variacións das cotas de participación relativos a:

- Declaracións modelo 900D ou substitutivos deste así como solicitudes de baixa.
- Tramitación de expedientes de subsanación de discrepancias.
- Recursos que, destes expedientes, poidan derivarse.
- Tramitación diante do Catastro de alteracións de orde xurídica relativas a inmobles da titularidade do Concello de Vigo, Patrimonio Municipal do Solo así como, as que afecten ao inventario de viais do municipio.

I.3. Tramitación de expedientes relativos ás alteracións de orde física ou económica :

- Que procedan de expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo nos que o Concello está obrigado á tramitación catastral mediante ordenanza e de conformidade co artigo 14.b) do TRLCI (nova construción, ampliación, reforma ou rehabilitación, agregación, agrupación, segregación ou división e cambio de uso ou demolición) ou que se formalicen en declaracións modelo 900D.
- Tramitación de expedientes de subsanación de discrepancias, tanto os relacionados con expedientes de cláusula terceira do convenio como aqueles que de forma illada remita a Xerencia Territorial do Catastro para a súa tramitación.
- Recursos que, destes expedientes, poidan derivarse.
- Inclusión na base de datos alfanumérica e na cartografía catastral de:
 - Proxectos de compensación, reparcelación e de urbanización e outras figuras de planeamento secundario ou de Xestión urbanística.
 - Execución subsidiaria de obras de rehabilitación, demolición ou derruba.
 - Ocupación directa de terreo destinado a dotacións.
 - Deslindes administrativos.
 - Expropiacións forzosas.
- Tramitación diante do Catastro de alteracións de orde física ou económica relativas a inmobles da titularidade do Concello de Vigo, Patrimonio Municipal do Solo así como, as que afecten ao inventario de viais do municipio.

I.4. Formalización de requirimentos de documentación e trámites de audiencia aos titulares catastrais incorporados tanto na Xestión Municipal de Expedientes como nos aplicativos do Catastro.

I.5. Grabación no Mapa de Xestión do Catastro de datos relevantes para o mantemento da base de datos catastral que, por estaren incompletos, non poden ser obxecto de tramitación completa de expediente de alteración catastral.

I.6. Notificación postal, nos casos en que proceda, aos interesados/as dos borradores de declaración, requirimentos, audiencias e acordos de alteración catastral adoptados polo Catastro, resultantes das actuacións conveniadas co Catastro, nos termos establecidos no artigo 17 do texto refundido da Ley do Catastro Inmobiliario, mediante ao sistema de reparto Medios propios e Correos NON SICER.

Notificacións, no seu caso, derivadas dos procedementos de valoración Colectiva xeral ou parcial.

Este servizo será prestado pola adxudicataria deste lote para todo o territorio, tanto para a Zona Este como Oeste, correspondéndolle a metade das notificacións.

I.7. Actuacións de mantemento mediante investigación e verificación dos rexistros catastrais relativos, prioritariamente, aos inmobles de natureza urbana, de características especiais e os de natureza rústica que figuren no “padrón fiscal de inmobles de natureza rústica” mediante consulta nas bases de datos que constan no documento ANEXO 2 do PPTP. As adxudicatarias verificarán todos os datos que compoñen cada rexistro do ben inmovible en especial, os campos que se refiren á titularidade daquel.

I.8. Actualización alfanumérica e gráfica de datos censuais relativos a cambios de denominación de rúas, números de policía, altas de novas rúas e outros identificadores do ben inmovible cunha periodicidade de 180 días.

Este servizo será prestado pola adxudicataria deste lote para todo o territorio municipal, tanto para a Zona Este como a Zona Oeste, correspondéndolle a metade da tramitación desde traballo.

I.9. Investigación mediante traballo de campo que incluíra os seguintes servizos:

I.9.1. Verificación da coincidencia entre a Base de datos Catastral (alfanumérica e gráfica) e a realidade física ou económica. Toma de datos para a posterior incorporación de construcións non declaradas, ampliacións, rehabilitacións, demolicións, etc.

I.9.2. Verificación dos datos sobre a titularidade catastral mediante entrevista co titular ou ocupante ou colindantes.

II SERVICIOS DE INCORPORACIÓN DE DATOS Á VCI+

II.1. Conversión dos croquis catastrais en formato FXCC resultantes das tramitacións das alteracións catastrais a formato Shapefile e importación á Base de Datos GIS do Concello para a súa visualización por plantas coa información alfanumérica asociada, a través da Plataforma VCI+.

II.2. Elaboración de GML e informe validación gráfica (IVG) de parcelas nas que o Concello teña un especial interese por seren de titularidade municipal, ser obxecto de actuacións territoriais polas diferentes áreas do Concello, ser obxecto de cesión e motivos similares, incluíndo nestes a petición expresa da Xerencia Municipal de Urbanismo.

II.3. Importación á Base de Datos GIS do Concello dos ficheiros SHP cos planos "as built" das obras executadas relativas a licenzas tramitadas polo Servizo municipal de Vías e Obras, para instalar en dominio público local tendidos, entubados e outros. Este servizo incluíra as licenzas relativas a telecomunicacións, electricidade e gas.

II.4. Servizos de explotación dos datos xeográficos e alfanuméricos de natureza catastral, urbanística, edificatoria e outros, de interese para implementar accións ou políticas territoriais do Concello. Este servizo consistirá na elaboración de informes estatísticos e/ou xeográficos reutilizables e compatibles coa Plataforma VCI+.

Será prestado pola adxudicataria deste lote para todo o territorio municipal tanto para a Zona Este como Oeste, estimándose para cada encargo concreto un número de xornadas.

III. SERVICIOS RELATIVOS Á MELLORA DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA

III.1. Investigación mediante traballo de campo que incluíra os seguintes servizos:

III.1.1. En bens inmobles de uso distinto a vivenda, informe sobre o seu uso. No caso de desenvolvemento de actividade económica, datos do titular da mesma, actividade desenvolvida, medición do local co obxectivo de incorporar a xeometría e fotografías na base de datos espacial municipal. O número mínimo anual de medicións de locais de uso distinto a vivenda será de 200.

III.1.2. Informe sobre feitos impositivos relativos a aproveitamentos especiais da vía pública existentes no perímetro exterior da finca ou parcela, regulados na ordenanza fiscal nº30: vados, andamios, colectores e sacos, medicións e incorporación de xeometrías e fotografías á base de datos espacial municipal

III.2. Obtención de “registros” correctos para a emisión do padrón fiscal da taxa de lixo comercial e vados (EUI) e do IAE:

- a partir de bases de datos de altas de actividades económicas remitidas pola AEAT.
- a partir de bases de datos de baixas de actividades económicas remitidas pola AEAT.
- a partir de consultas de titularidades catastrais.
- a partir de investigación de registros impagados do EUI.
- a partir de licenzas/comunicacións previas de actividade.

Incorporación dos registros correctos á base de datos preparatoria do padrón fiscal de EUI e comunicación á Base de Datos de Contribuíntes e ao Servizo de Xestión Catastral Delegada, no caso de información relevante para a Base de Datos Catastral.

Aos efectos do presente contrato entenderase por “registro” o conxunto completo de datos necesarios para á efectividade do tributo de que se trate.

III.3. Actualización e mantemento das categorías fiscais das vías do termo municipal, nas táboas mestras dos aplicativos municipais e as correccións pertinentes no Anexo I da Ordenanza Fiscal Xeral.

III.4. Asignación de registros das bases de datos do EUI (lixo comercial e vados), lixo vivenda, IBI e contratos da auga aos registros da base de datos edificatoria do Concello de Vigo segundo os criterios de asignación específicos en cada caso.

O ámbito territorial de realización dos servizos anteriores correspondentes á LOTE

A) ZONA ESTE será o incluído dentro da área definida polos seguintes límites, segundo consta en plano ANEXO 1 do PPTP.

Confluencia da rúa Concepción Areal co borde marítimo, borde marítimo ata o límite do término municipal, límite co término municipal de Redondela, límite co término municipal de Mos ata estrada Pedras Miúdas, Eixe da estrada Pedras Miúdas ata a confluencia coa estrada Fontefría, Eixe da estrada Fontefría ata a confluencia coa estrada Clara Campoamor, Eixe da estrada Clara Campoamor ata a confluencia coa Avda. de Castrelos, Eixe da Avda. de Castrelos ata Praza de América, Eixe da Avda. Gran Vía ata a confluencia coa rúa Urzaiz, Eixe da rúa Urzaiz, Eixe da rúa Colón e Eixe da rúa Concepción Areal ata o borde marítimo.

LOTE B ZONA OESTE:

(IDEM, LOTE A ZONA ESTE)

O ámbito territorial de realización dos servizos anteriores correspondentes á LOTE

B) ZONA OESTE será o incluído dentro da área definida polos seguintes límites, segundo consta en plano ANEXO 1 do PPTP.

Confluencia da rúa Concepción Areal co borde marítimo, Eixe da rúa Concepción Areal, Eixe da rúa Colón, Eixe da rúa Urzaiz ata Gran Vía, Eixe da rúa Gran Vía ata Praza de América, Eixe da Avda. de Castrelos ata a súa intersección coa estrada Clara Campoamor, Eixe da estrada Clara Campoamor ata a súa intersección coa

estrada Fontefría, Eixe da estrada Fontefría ata a confluencia coa estrada Pedras Miúdas, Eixe da estrada Pedras Miúdas ata o límite co termino municipal de Mos, límites dos términos municipais de Porriño, Gondomar e Nigrán, borde marítimo ata a confluencia coa rúa Concepción Areal.

XUSTIFICACIÓN DA DIVISIÓN EN DOUS LOTES DO OBXECTO DO CONTRATO

O sistema que ven utilizando o Concello dende o comezo da “Colaboración en Xestión Catastral”, no ano 2002, é dividir a contratación destes traballos en Lote A: Zona Este e Lote B: Zona Oeste. Esta mesma división considerase para a presente contratación.

A complexidade dos traballos a realizar, a transversalidade dos servizos con diferentes departamentos municipais e a amplitude do ámbito territorial no que se debe actuar (213.000 bens inmobles urbanos localizados territorialmente en espazos descontinuos, entremezclados con bens de natureza rústica e bens de características especiais) determinan a necesidade de establecer os dous lotes citados.

Limitando o campo de actuación á metade do territorio municipal, queda mellor garantido que os efectivos humanos, en particular os que deban de realizar investigación de campo, acaden o coñecemento necesario do territorio para un desenvolvemento, con calidade, do obxecto da contratación. Noutro caso, resultarían incertas as expectativas de eficiencia e calidade na realización dos traballos.

Por outro lado, unha das finalidades indirectas destes contratos, pero de importancia capital, é a adquisición de coñecemento tecnoloxicamente avanzado pola administración municipal para desenvolver estes traballos, no presente e no futuro, con maior eficiencia. Sen dúbida, esta finalidade acádase mellor diante de dous proxectos diferentes nos que cada unha das adxudicatarias aportará a súas potencialidades para incorporar avances tecnolóxicos e métodos de traballo que optimicen as utilidades económicas e sociais da Xestión Catastral. Resulta un estímulo á calidade e á innovación a existencia de dous equipos desenvolvendo o mesmo traballo, simultaneamente.

A homoxeneidade das prestacións queda garantida polas esixencias legais e técnicas dos traballos a realizar, determinadas de forma exhaustiva no prego de prescricións técnicas particulares.

Estímase, en consecuencia, que debe limitarse a licitación a un dos lotes, que resultan idénticos, non sendo o ámbito territorial no que desenvolverán o obxecto do contrato, as futuras adxudicatarias. As licitadoras poderán determinar, na súa oferta, a preferencia polo Lote A: Zona Este ou Lote B: Zona Oeste.

A licitadora que obtivera a máxima puntuación será adxudicataria do Lote da súa preferencia, resultando adxudicataria do Lote restante, a licitadora que obtivera a segunda mellor puntuación. No caso de empate procederíase a un sorteo. Polo exposto, unicamente pode adxudicarse un lote a cada empresa adxudicataria.

2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS

O artigo 140 da Constitución española de 1978 garante “a autonomía dos municipios”. Pola súa parte, no artigo 142 dispón que “as Facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas”. Desenvolven estes preceptos constitucionais tanto a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LBRL) como o Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).

As funcións de xestión catastral delegadas no Concello de Vigo, en virtude do Convenio asinado entre este e a Dirección Xeral do Catastro o 22 de novembro de 2021 actúan como punto de partida e complemento imprescindible á competencia de “Xestión, Recadación e Inspección do tributos locais” atribuída polo art. 106.3 LBRL.

As estimacións das necesidades concretas a cubrir mediante cada un dos lotes obxecto da presente contratación resúmese no seguinte cadro, que é resultado dos controis levados a cabo en relación co desenvolvemento dos dous contratos vixentes, complementado co exame das necesidades futuras derivadas das innovacións que resultan precisas na xestión catastral e tributaria funcionalmente atribuídas á Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada do Concello de Vigo.

Nº do servizo	Denominación e unidades	Estimación anual (uds . para cada lote)
Servizo I.1	Atención á cidadanía (Nº de atencións)	1200
Servizo I.2	Tramitación de Expedientes catastrais Xurídicos (Nº de Bens Inmóbles)	1100
Servizo I.3-A	Tramitación de Expedientes catastrais Físicos (Nº de Bens Inmóbles en expedientes de ata 5 bens inmóbles)	700
Servizo I.3-B	Tramitación de Expedientes catastrais Físicos (Nº de Bens Inmóbles a partir da 5º unidades)	300
Servizo I.3-C	Tramitación de Expedientes catastrais Físicos (Nº de Bens Inmóbles en expedientes de Subsananación de Discrepancias)	650
Servizo I.3-D	Tramitación de Expedientes catastrais Físicos (Nº de Bens Inmóbles con valor catastral superior a 1 millón de euros)	10
Servizo I.4	Requirimentos/trámite de audiencia (Nº de requirimentos/trámites de audiencia)	300
Servizo I.5	Mantemento de Mapa Xestión (Nº de inscricións)	100
Servizo I.6	Notificación (Nº de notificacións)	600
Servizo I.7	Investigación da veracidade dos datos catastrais (Nº de Bens Inmóbles)	500
Servizo I.8	Modificación de números e rúas (Nº de Bens Inmóbles)	150
Servizo I.9	Investigación de campo catastral (Nº de Bens Inmóbles investigados)	150
Servizo II.1	Croquis de FXCC a Shapefile (Nº de xeometrías)	2500

Servizo II.2	Elaboración de GML e informe validación gráfica (IVG) (Nº de GML)	50
Servizo II.3	Incorporación SHP de redes (Nº de xeometrías)	750
Servizo II.4	Servizos de explotación dos datos xeográficos e alfanuméricos (Nº de xornadas)	20
Servizo III.1	Investigación de campo tributaria e edificatoria (Nº de Bens Inmobles investigados)	350
Servizo III.2	Obtención de “rexistros” correctos para a emisión do padrón fiscal da taxa de lixo industrial e vados (EUI), e do IAE (Nº de rexistros)	1000
Servizo III.3	Actualización e mantemento das categorías fiscais das vías titularidade municipal (Nº de vías)	100
Servizo III.4	Asignación de rexistros na base de datos edificatoria (Nº de rexistros)	500

As cifras anteriores só son orientativas. Non son vinculantes senón estimativas do peso relativo que se prevé para cada un dos servizos no conxunto da contratación. Os prezos unitarios que oferte o adxudicatario aplicaranse ata esgotar o orzamento de licitación.

Para o desempeño das prestacións no número estimado, os medios persoais necesarios para o adecuado desenvolvemento da Xestión Catastral Delegada son, como mínimo, os seguintes:

- 1 Un/a director/a do proxecto que deberá contar con algunha das seguintes titulacións: arquitecto/a ou enxeñeiro/a superior ou técnico/a ou licenciado/a ou diplomado/a en Dereito ou Ciencias Económicas ou Ciencias Empresariais, con dispoñibilidade exclusiva para este contrato, contando con experiencia mínima de dous anos en dirección de equipos.
- 2 Para a prestación dos servizos de atención e asesoramento á cidadanía e traballos de campo deberán adscribirse, en horario de 9:00 a 13:30 horas e, ata un máximo de catro horas por semana en horario de tarde, no Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello:
 - 2.1 Dous/dúas delineantes ou técnicos/as superiores en topografía ou cartografía con experiencia en xestión catastral superior a 5 anos. Deberán contar co certificado CELGA 4 ou equivalente segundo a ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega (Celga).
 - 2.2 Un/a auxiliar/administrativo/a con experiencia en xestión catastral superior a 5 anos con certificado CELGA 4 ou equivalente segundo a ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega (Celga).
 - 2.3 Outra persoa que podería ter algunha das seguintes competencias / titulacións:

técnico/a superior en topografía / cartografía ou delineante ou auxiliar/administrativo/a co mesmo perfil indicado no apartado anterior.

- 3 O proxecto deberá contar ademais, coa dispoñibilidade que requira a boa marcha da execución dos servizos, cos seguintes profesionais:
 - 3.1 Un/a arquitecto/a ou enxeñeiro/a superior ou técnico ou licenciado/a ou diplomado/a en Dereito ou Ciencias Económicas ou Ciencias Empresariais.
 - 3.2 Un técnico con experiencia en sistemas de información xeográfica (Cartografía GIS, bases de datos xeoespaciais, mapas con estándares OGC, ...)
 - 3.3 Un/unha informático/a.

A relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo non conta con perfís profesionais especialistas en xestión catastral que poidan desempeñar as tarefas obxecto da presente contratación, polo que é necesario suplir dita falta con medios externos que garantan un adecuado nivel de prestación dos servizos de xestión catastral e outros complementarios daqueles e imprescindibles para poñer a disposición da organización municipal a información física, xurídica e económica do término municipal .

Ademais, a elevada complexidade técnica derivada da natureza das prestacións obxecto da contratación , leva inherente a necesidade dunha cualificación profesional específica, que non se atopa nos perfís profesionais que actualmente prestan servizos na Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada do Concello de Vigo.

Deste xeito, cómpre lembrar que un dos obxectivos mediatos da presente contratación é a difusión do coñecemento entre o persoal da Administración Municipal sobre o aproveitamento de novas tecnoloxías que permiten integrar os datos alfanuméricos e as bases gráficas relativas aos mesmos.

O Concello de Vigo está traballando na transformación da cidade mediante a modernización e innovación de cara a obter os obxectivos de eficiencia, calidade e o desenvolvemento sostible. Para contribuír ao cumprimento destes fins, o Concello de Vigo conta coa Plataforma municipal VCI+, accesible a través do PCC, con múltiples utilidades que fan máis sinxela e accesible a xestión municipal, resultando necesario que dita información alfanumérica e gráfica se atope nun proceso de actualización e mellora constantes, o que require uns medios persoais e técnicos adicados expresamente a esta tarefa. Ademais, o coñecemento de avanzadas técnicas GIS permitirá integrar na Plataforma VCI+ datos e as variacións detectadas nas investigacións de campo incluídas no obxecto da presente contratación.

Por outro lado, deben facerse constar as novas obrigas derivadas da implantación da xestión integral do “ciclo da auga”. O artigo 12 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, impuxo a modificación obrigatoria do sistema tarifario da auga, o que se levou a cabo a través da modificación da Ordenanza nº 60, aprobada no ano 2021. O novo sistema supuxo un cambio de paradigma na xestión dos máis de 760.000 recibos anuais, xirados bimestralmente aos preto 126.000 aboados aos servizos de abastecemento de auga potable, alcantarillado e depuración de augas residuais no término municipal de Vigo.

A complexidade técnica da xestión integral do Ciclo da auga deriva, --ademais, de que eses 126.000 aboados se corresponden con aproximadamente 136.000 direccións ou puntos de consumo--, da imposibilidade de identificar cada contador cun único dato de carácter persoal, sendo preciso interrelacionar os datos alfanuméricos e as bases gráficas e construír unha única ferramenta: a base de datos edificatoria do Concello de Vigo.

O mantemento desta base de datos edificatoria require un adecuado coñecemento do territorio do término municipal, así como un manexo dilixente dos arquivos gráficos e alfanuméricos que comportan as diferentes bases de datos municipais. O aumento de funcións e carga de traballo derivadas da actualización e mantemento da base de datos edificatoria constitúe un novo servizo da presente contratación pois non é abordable pola actual plantilla da Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.

Como chave de bóveda de todo o anterior, cabe lembrar que o adecuado exercicio da competencia de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos locais, require que se parta duns datos precisos e correctos que permitan a elaboración dos padróns, a emisión dos recibos... en consecuencia, a Administración Tributaria municipal debe contar cunhas bases de datos tributarias permanentemente actualizadas para evitar erros, omisións ou duplicidades que supoñan un aumento inxustificado de custes para as arcas públicas. O mantemento, revisión e actualización e das bases de datos tributarias, cando teña lugar pola variación de datos catastrais, resultará eficiente se o realizan os mesmos efectivos humanos que realizan as funcións de xestión e actualización catastral. Noutro caso, duplicaríamos funcións e tarefas implicando máis custe e maior probabilidade de erros .

Polo exposto, estímase imprescindible proceder á contratación dos servizos de Actualización e mantemento catastral, integración coa Plataforma Municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria.

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto cunha pluralidade de criterios de adxudicación.

A forma de adxudicación será a ordinaria.

Tratase dun contrato suxeito a regulación harmonizada

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA (artigo 29)

O prazo de duración do contrato será de tres anos, sen prexuízo das dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha. Estas prórrogas serán obrigatorias para o contratista sempre que se lle comuniquen ao menos con dous meses de antelación. A data prevista para o inicio do contrato é o 1 de xullo de 2023.

5. SOLVENCIA

Solvencia económica e financeira: acreditarase por calquera dos seguintes medios:

Mediante declaración do volume anual de negocios: considerarase con solvencia económica e

financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume anual de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% do importe da anualidade media do prezo do lote correspondente..

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

As/Os empresarias/os individuais non inscritos/as no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a AEAT onde quede reflectido o volume anual de negocios.

Solvencia técnica e profesional: acreditarase;

Mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato realizados nos tres últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do seguinte código CPV: 79220000-2 (Servizos fiscais) ou 71354300-7 (Servizos de estudos catastrais).

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do lote ou lotes aos que presente proposta.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

A documentación acreditativa destes extremos achegarase pola primeira clasificada de cada lote con carácter previo á adxudicación do contrato.

Concreción das condicións de solvencia: Medios persoais a adscribir á execución do contrato

Ao abeiro do art. 76 da LCSP, as adxudicatarias deberán adscribir, aos correspondentes contratos, os recursos humanos suficientes e coas cualificacións técnicas axeitadas para o desenvolvemento dos servizos contratados. É preciso incluír estes medios persoais mínimos ao consideralos imprescindibles dado a natureza especializada dos traballos a

desenvolver mediante a presente contratación xa complexa tecnicamente. Os citados medios considéranse razoables e proporcionados en relación coas tarefas a desenvolver detallada no apartado relativo ao obxecto deste contrato no que se describen as prestacións obxecto do contrato.

En consecuencia, e sen prexuízo da liberdade das adxudicatarias para organizar e adscribir os medios persoais que estimen oportunos, considerase imprescindible para un desenvolvemento axeitado dos servizos que se contratan o cumprimento dos seguintes requisitos mínimos :

1. Designar un director do proxecto que deberá reunir os seguintes requisitos:
 - Debera contar con algunha das titulacións seguintes: arquitecto / enxeñeiro superior ou técnico / licenciado ou diplomado en Dereito ou Ciencias Económicas ou Ciencias Empresariais.
 - Ter dispoñibilidade exclusiva para este contrato.
 - Contar cunha experiencia mínima de dous anos en dirección de equipos.
2. Para a prestación dos servizos de atención e asesoramento á cidadanía e traballos de campo deberán adscribirse, en horario de 9:00 a 13:30 horas e, ata un máximo de catro horas por semana en horario de tarde, no Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello:

2.1. Dous/dúas delineantes ou técnicos/as superiores en topografía ou cartografía con experiencia en xestión catastral superior a 5 anos. Deberán contar co certificado CELGA 4 ou equivalente segundo a ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficias acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega (Celga).

2.2. Un/a auxiliar/administrativo/a con experiencia en xestión catastral superior a 5 anos con certificado CELGA 4 ou equivalente segundo a ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficias acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega (Celga).

2.3. Outra persoa que podería ter algunha das seguintes competencias / titulacións: técnico/a superior en topografía / cartografía ou delineante ou auxiliar/administrativo/a co mesmo perfil indicado no apartado anterior.

3. O proxecto deberá contar ademais, coa dispoñibilidade que requira a boa marcha da execución dos servizos, cos seguintes profesionais:

3.1. Un/a arquitecto/a ou enxeñeiro/a superior ou técnico ou licenciado/a ou diplomado/a en Dereito ou Ciencias Económicas ou Ciencias Empresariais.

3.2. Un técnico con experiencia en sistemas de información xeográfica (Cartografía GIS, bases de datos xeoespaciais, mapas con estándares OGC, ...)

3.3. Un informático/a.

Consonte ao disposto no art. 76.2 in fine da LCSP, o compromiso destas condicións de solvencia incluírase no contrato, debendo os pregos ou o documento contractual, atribuírle o carácter de

obriga esencial aos efectos previstos no art. 211 LCSP, polo que debe contemplarse nas **causas de resolución do contrato**.

6. OUTRAS OBRIGAS DAS ADXUDICATARIAS

6.1. Obrigas en relación cos medios persoais:

1. As adxudicatarias deberán designar un director do proxecto no prazo dos dez días seguintes á adxudicación do contrato. Será o interlocutor do responsable do contrato para comunicación e resolución das incidencias que se produzan no desenvolvemento do contrato. O director fará labores de coordinación do equipo humano que a adxudicataria adscriba ao presente contrato, desenvolvendo maioritariamente o seu traballo no servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello, pola necesidade de atender ás directrices da Xerencia Territorial do Catastro e dos responsables dos servizos municipais afectados por esta contratación: Servizo de Xestión Catastral Delegada, Servizo de Administración Electrónica, Xestión e Inspección Tributarias, Patrimonio, Estatística e Xerencia Municipal de Urbanismo.

2. Para a prestación dos servizos de atención e asesoramento á cidadanía e traballos de campo deberá garantirse o servizo en horario de 9:00 a 13:30 horas e, ata un máximo de catro horas por semana en horario de tarde, no Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello, alomenos, cos requisitos de persoal establecidos no apartado relativo a esta prestación que concreta as condicións mínimas de solvencia de medios persoais.

3. O proxecto deberá contar ademais, coa dispoñibilidade que requira a boa marcha da execución dos servizos, alomenos, cos requisitos de persoal establecidos no apartado relativo a esta prestación que concreta as condicións mínimas de solvencia de medios persoais.

6.2. Obrigas das adxudicatarias respecto de dotación de medios materiais

As adxudicatarias están obrigadas a achegar o mobiliario e material funxible necesario para o desenvolvemento das prestacións que deben realizarse no Servizo de Xestión Catastral Delegada.

Aportar o equipamento de comunicacións e informático (ordenadores, impresoras, tablets, etc) así como as licencias de ferramentas software necesarias para desenvolver o servizo materia de este contrato. As licencias de produtos informáticos incluírán tanto aquelas necesarias para o tratamento de datos que desenvolvan forma interna como aquelas que necesiten para o intercambio e consulta de información tanto co Concello como coa Dirección Xeral do Catastro.

O equipamento que os adxudicatarios deban instalar nas dependencias municipais, será supervisados e auditados polo persoal municipal dependente do Servizo de Administración Electrónica.

O equipamento informático do adxudicatario situado en locais municipais estará conectado nunha rede informática fisicamente independente da do Concello. Os accesos a internet serán tamén independentes. O adxudicatario estará obrigado a incorporar medidas de seguridade axeitadas, como control de acceso personalizado ós ordenadores, firewall perimetral de protección da rede, sistema antivirus profesional con actualización permanente e automática, etc.

6.3. Cumprir a normativa de protección de datos nos términos expresados no apartado 4 da prescrición 4 do PPTP e na cláusula 20 desta memoria xustificativa.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valorarase con ata 40 puntos

Os licitadores deberán acadar unha **puntuación mínima de 15 puntos** na valoración destes criterios, en caso contrario excluíráselles da licitación.

1.- Metodoloxía de traballo: valorarase con ata 26 puntos

Motívase a avaliación da metodoloxía de traballo e, mesmo a necesidade de acadar nesta unha puntuación mínima, no feito de que o conxunto de servizos individualizados que constan no prego técnico constitúen procesos, tarefas e trámites destinados á instrución de procedementos catastrais definidos xuridicamente no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario e no Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto refundido da lei do Catastro Inmobiliario.

Os citados procesos, tarefas e trámites son de elevada complexidade e a metodoloxía para abordalos e os controis internos serán indicativos das probabilidades de que resulten susceptibles de aprobación eficaz e válida pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra. Dito noutras palabras, se a metodoloxía de traballo é rigorosa, os actos administrativos resultantes serán válidos e eficaces e os recursos administrativos e reclamacións, mínimos. Noutro caso, produciranse actos administrativos defectuosos, o que ademais de repercusións negativas para os/as titulares catastrais, interesados/as, significará unha deficiente xestión nas áreas ou servizos do Concello e mesmo noutras administracións, que utilizan a información catastral.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes **subcriterios**:

- a **Descrición detallada de tarefas e trámites para resolución de alteracións de orde xurídica (Servizo I.2 do PPTP):** valorarase con ata 4 puntos.
- b **Descrición detallada de tarefas e trámites para resolución de alteracións de orde física ou económica (Servizo I.3 do PPTP):** valorarase con ata 9 puntos.
- c **Sistemática de aproveitamento de cada unha das oito bases de datos a que se refire o ANEXO II do PPTP:** valorarase con ata 6 puntos.
Valoraranse os criterios que seguirá o licitador para dar validez ou non á información que aporta cada unha delas.
Para valorar este subcriterio outorgarase ata **0,75 puntos pola sistemática de aproveitamento e criterios de validez ou non para cada unha das 8 bases de datos.**
- d **Metodoloxía a seguir na investigación de campo relativa á verificación da base de datos catastral respecto da realidade física e económica**

así como titularidades catastrais (Servizos I.9.1 e I.9.2 do PPTP): ata 1 punto.

- e **Metodoloxía a seguir na investigación de campo relativa aos servizos III.1.1 e III.1.2 do PPTP:** valorarase con ata 1 punto.
- f **Descrición detallada das actuacións no servizo de atención á cidadanía:** valorarase con ata 2 puntos.
- g **Descrición detallada das actuacións no servizo II.2 de elaboración de GML e Informe de Valoración Gráfica (IVG):** valorarase con ata 1 punto.
- h **Aspectos a ter en conta nos traballos de actualización e mantemento das categorías fiscais das vías do termo municipal (servizo III.3 do PPTP).** valorarase con ata 2 puntos.

2.- Equipamentos informáticos, lóxicos e físicos, e Sistemas de Información: valorarase con ata 12 puntos

Os sistemas de información, xunto coas súas ferramentas de tecnoloxías da información, constiúen un sistema fundamental que serve de apoio aos traballos de xestión catastral para maximizar a eficiencia e eficacia dos traballos requiridos así como a calidade do dato. Por este motivo é de vital importancia para a organización municipal os equipamentos e sistemas de información, que serán utilizados para xestionar a base de datos municipal de información catastral que é utilizada diariamente por todo o Concello.

Ademais, a información xeográfica catastral é a base do GIS municipal, integrado na plataforma de smart city VCI+ que vertebra gran parte dos servizos da administración e para a cidadanía.

A documentación relativa a este criterio deberá constar nun apartado específico da proposta técnica titulado “Equipamentos informáticos lóxicos e físicos e Sistemas de Información”.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes **subcriterios:**

A)Sistemas de información e servizos postos a disposición do Concello: valorarase con ata 8 puntos segundo os seguintes subcriterios:

Valoraranse os seguintes servizos que teñen como fin a integración dos datos catastrais, GIS e tributarios coa plataforma VCI+ presente no obxecto do contrato:

- 1. Servizos ofrecidos de explotación dos datos “Big Data”, para obter valor engadido, do conxunto de datos formado polos datos de catastro de Vigo, datos GIS, e bases de datos tributarias. Ofrecendo esta explotación de datos tanto en formatos reutilizables (GIS ou metadatos), preferentemente, para a súa integración na VCI+, así como en forma de informes:** valorarase con ata 2 puntos.
- 2. Servizos postos a disposición do concello sobre os datos catastrais, datos GIS e datos tributarios (Servizos GIS, comunicación de datos e recursos de traballo postos a disposición):** valorarase con ata 2 puntos.
- 3. Descrición do procedemento para a Integración de datos coa plataforma**

municipal VCI+ a través dos subsistemas Postgis e Geoserver: Valorarase con ata 2 puntos.

4. Procedementos dos servizos de conversión de FXCC a arquivos shape para a súa incorporación a Postgis: Valorarase con ata 1 punto.
5. Procedementos de incorporación das licenzas de telecomunicacións, electricidade e gas ao Postgis da VCI+: valorarase con ata 1 punto.

B) Equipamento informático físico e lóxico que se usará no proxecto: valorarase con ata 4 puntos conforme ao seguinte:

1. Medios empregados para a realización dos diferentes apartados do obxecto do contrato: valorarase con ata 3 puntos.
2. Capacidade e potencia dos servidores e equipos de traballo. Arquitectura de seguridade e dispoñibilidade: valorarase con ata 1 punto.

3.- Presentación de resultados: valorarase con ata 2 puntos

Valorarase a frecuencia e forma de presentación, que deberá ser pormenorizada para cada subapartado integrado dentro de cada un dos Servizos I, II e III integrados no Obxecto do contrato.

Motívase a avaliación con 2 puntos da presentación de resultados e a súa frecuencia porque a maneira de presentar resultados e a súa periodicidade facilitará en maior ou en menor medida o seguimento do contrato para o/a responsable, así como a toma de decisións respecto do peso relativo que en cada momento deben ter os apartados I, II e III do obxecto do contrato.

B CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA: valorarase con ata 60 puntos

Motívase o establecemento dos seguintes criterios avaliáveis mediante fórmula por resultar fundamental poder valorar a redución dos prezos unitarios pola súa incidencia na economía do contrato, os incrementos respecto duns mínimos en relación con variables vinculadas a servizos do contrato (nº de medicións anuais de locais comerciais, nº de expedientes xurídicos, físicos, declaracións e comunicacións), facilitación de valoracións desglosadas de solo e construción para cada inmovible, práctica no manexo de aplicacións especializadas de xestión catastral e incremento na frecuencia na modificación de datos censuais.

B.1.- Valorarase a redución nos prezos unitarios, que debe ser nunha porcentaxe única para o conxunto dos prezos unitarios, ata 25 puntos, utilizando as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP.

B. 2.- Incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 200 que figura no Servizo III.1.1 contemplado na Prescrición 1 do PPTP: valorarase con ata 5 puntos

Para valorar este criterio **outorgarase 1 punto por cada 20 locais/ano que excedan do numero mínimo.**

B.3.- Incremento na porcentaxe de expedientes xurídicos a que se refire o SERVIZO I.2 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DA PPTP, postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 3 meses previsto no apartado 2 da prescrición 3 do PPTP: valorarase con ata 6 puntos

Para valorar este criterio **outorgarase 0,25 puntos por cada punto porcentual de incremento respecto do 60% que como mínimo debe de ser posto a disposición, no prazo de 3 meses.**

B. 4.- Incremento na porcentaxe de expedientes físicos de declaracións e comunicacións a que se refire o SERVIZO I.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DA PPTP postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior a 5 meses previsto no apartado 3 da prescrición 3 do PPT: valorarase con ata 6 puntos

Para valorar este criterio **outorgarase 0,3 puntos por cada punto porcentual de incremento respecto do 40% que como mínimo debe de ser posto a disposición, no prazo de 5 meses.**

B. 5.- Facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións desglosadas de solo e construción para cada ben inmovible segundo as necesidades dos mesmos: valorarase con 4 puntos

B. 6.- Formación específica: valorarase con 5 puntos no caso de que dous delineantes / técnicos superiores en topografía/ cartografía adscritos ao contrato de forma presencial no servizo de Xestión Catastral delegada na forma requirida pola prescrición 5 do PPTP posúan Formación específica en GIS aplicado a urbanismo- catastro, a través dun curso de formación dun mínimo de 80 horas. No caso de que contase con esta formación un/ha deles outorgarase 2,5 puntos.

B. 7.- Práctica no manexo das aplicacións SIGCA, SIGECA e SAUCE: A estes efectos valorarase o número de licenzas en posesión das licitadoras (licenzas que se asocian mediante un código individual ao persoal das empresas) con ata 5 puntos.

Para valorar este criterio **outorgarase 1 punto por cada licenza.**

B.8.- Incremento na frecuencia na modificación de datos censuais (números de policía, cambios de denominación de rúas, altas de novas rúas e outros identificadores do ben inmovible), prevista no servizo 9 da prescrición 1 a que se refire o SERVIZO III.3 DA PRESCRICIÓN 1-OBXECTO DO CONTRATO DO PPTP: valorarase con ata 4 puntos

Para valorar este criterio **outorgarase 1 punto por cada redución de 15 días respecto da frecuencia de 180 días.**

MELLORAS: O presente contrato non pode ser obxecto de melloras.

8. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS (artigo 149)

As prestacións obxecto do presente contrato, segundo se pon de manifesto no PPTP, inclúen multitude de procesos e trámites para cada unha das modalidades ou servizos. Estamos diante de traballos complexos, moi transversais tanto nas fontes de información e documentación para o seu desenvolvemento, como nos seus resultados. Estes últimos afectan non só á inscrición catastral senón tamén á efectividade dos tributos asociados á información territorial e, á xestión de diferentes departamentos do Concello, que utilizarán a información catastral a través da Plataforma VCI+. Os erros na inscrición catastral lesionan as facultades dos titulares catastrais para a inscrición no rexistro da propiedade, dificultan as transmisións, producen erros nas declaracións de IRPF e na concesión de beneficios fiscais. Para a administración recadadora e xestora do Concello, os erros da información catastral ocasionan liquidacións erróneas cos conseguintes prexuízos económicos de ausencia de ingreso e sobrecustes na xestión e recadación dos tributos.

En consecuencia, estamos diante dun contrato complexo no que debe primar a calidade sobre a cantidade, no que resultan moi relevantes tanto a aportación intelectual como a innovación tecnolóxica e, por estes motivos, a desviación de dez puntos porcentuais respecto da media aritmética das baixas ofertadas, prevista na Cláusula 18 do PCAP, resulta demasiado ampla permitindo a adxudicación do contrato directamente a unha oferta moi favorable en termos de prezos pero inviable en termos de calidade, polo que se propón a seguinte redacción ao apartado 1. b) da Cláusula 18 do PCAP.

*“1. b) Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, considerarase que conteñen valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o presuposto de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de **cinco puntos** porcentuais ao valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual”.*

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. Para o calculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: se eliminarán as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, se lle notificará ao licitador por correo electrónico e se lle concederá audiencia por un prazo máximo de tres días hábiles para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo **149 LCSP**.

9. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Pola natureza do obxecto da presente licitación, o acceso aos datos de carácter persoal necesarios para a correcta prestación do servizo, supón a necesidade de establecer, de conformidade co artigo 202 LCSP como condición especial de execución a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e comunitaria en materia de protección de datos de carácter persoal, advertíndoselle que esta obriga ten carácter de obriga contractual esencial de conformidade co disposto no artigo 211.1.f.

O obxecto do presente contrato, con prestacións conducentes ao desempeño axeitado da competencia local de xestión, recadación e inspección de tributos, con prestacións de contido catastral derivadas do cumprimento do Convenio de Colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Dirección Xeral do Catastro o 21 de novembro de 2021, (BOE nº 289 de 3 de decembro de 2021), así como a realización servizos de interese para a xestión tributaria e para as bases de datos espaciais do Concello que se incorporarán á Plataforma Municipal VCI+, supón o manexo de infinidade de datos polo contratista, razón que supón extremar o cumprimento da normativa nacional e comunitaria en materia de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, establécese como condición especial de execución a obriga da adxudicataria de establecer medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato, conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marco, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

A esixencia e importancia de medios personais na presente licitación para a correcta execución do contrato e para o adecuado desenvolvemento da Xestión Catastral Delegada, así como a prestación dos servizos de atención e asesoramento á cidadanía e traballos de campo, en horario de 9:00 a 13:30 horas e, ata un máximo de catro horas por semana en horario de tarde, no Servizo de Xestión Catastral Delegada, implican necesariamente a obriga da adxudicataria de establecer medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

10. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

Non procede a subrogación do persoal da empresa que viña prestando os servizos con carácter previo á contratación que se pretende.

11. PRAZO DE GARANTÍA

Pola natureza dos traballos non se considera necesario establecer prazo de garantía.

12. SUBCONTRATACIÓN

Polas características dos servizos requiridos na presente contratación cuxo desenvolvemento debe

ser obxecto dun seguimento moi directo a cargo do responsable do contrato e dos servizos municipais implicados, non procede a subcontratación agás o servizo I.6 de notificación postal.

Os devanditos servizos establecidos como tarefas críticas forman parte de procedementos establecidos pola Dirección Xeral do Catastro nos que se fiscaliza pola mesma a calidade e, en caso de non acadar determinados estándares, pode ter como consecuencia a denuncia por parte da Dirección Xeral do Convenio de Colaboración entre o Concello e a Secretaría de Estado de Facenda.

En consecuencia, non procederá a subcontratación das prestacións comprendidas no mesmo a persoas distintas da adxudicataria, agás o mencionado servizo I.6.de notificación postal, nos casos en que proceda, aos interesados/as dos borradores de declaración, requirimentos, audiencias e acordos de alteración catastral adoptados polo Catastro, resultantes das actuacións conveniadas co Catastro, nos termos establecidos no artigo 17 do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, mediante o sistema de reparto Medios propios e Correos NON SICER e notificacións derivadas dos procedementos de valoración Colectiva xeral ou parcial.

13. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non está prevista a posibilidade de modificación no presente contrato.

14. RESPONSABLE DO CONTRATO

Designarase como responsable do Contrato á Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, que terá como funcións supervisar á execución do mesmo e adoptar as decisións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

15. SEGURO

Esixirase a cada unha das adxudicatarias un seguro de 75.000 € de responsabilidade civil para responder dos eventuais danos que poidan producirse no local asignado ao desempeño do contrato no Servizo de Xestión Catastral Delegada.

16. LUGAR DE ENTREGA

As adxudicatarias deberán desenvolver as prestacións obxecto do contrato nas dependencias do servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello cos efectivos mínimos que se indican no PPTP, sen prexuízo das actividades que deban realizar en campo así como nas súas propias oficinas.

Igualmente, os/as directores/as do proxecto que designen as adxudicatarias deberán desenvolver maioritariamente o seu traballo no servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello, pola

necesidade de atender ás directrices da Xerencia Territorial do Catastro e dos/as responsables dos servizos municipais afectados por esta contratación: Servizo de Xestión Catastral Delegada, Servizo de Administración Electrónica e Informática, Xestión tributaria, Patrimonio, Estatística e Xerencia Municipal de Urbanismo.

17. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

1 de xullo de 2023.

18. ETIQUETAS

Non procede a esixencia de etiquetas, tendo en conta a natureza e o obxecto do presente contrato.

19. INFORMES DE PROBAS

Non resultan esixibles no presente contrato.

20. CESIÓN DE DATOS Á ADXUDICATARIA E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (ARTIGO 122.2 LCSP)

1.- As adjudicatarias deberán respectar nas súas actuacións o Regulamento (UE) 2016/679 Europeo de Protección de Datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD), o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, no que non se opoña á lei e ao regulamento europeo, así como o establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, no que respecta á confidencialidade dos datos tributarios.

2.- O acceso aos datos de carácter persoal necesarios para a prestación do servizo, non se considerará comunicación de datos.

3.- As adjudicatarias terán a consideración de encargadas do tratamento (artigo 28 da LOPDGDD), obrigándose especialmente a:

- a) Tratar os datos de carácter persoal unicamente coa finalidade de prestar os servizos regulados neste contrato e non os aplicarán nin os utilizarán con fin distinto ao establecido nel, en caso contrario, responderán persoalmente das infraccións en que tiveran incorrido (conforme aos artigos 70 e seguintes da LOPDGDD, 82 do RXPD e normativa concordante), quedando exonerado expresamente o responsable do tratamento de calquera responsabilidade.
- b) Gardar a debida confidencialidade e segredo sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso con motivo da prestación do servizo. Igualmente deberá informar aos seus empregados de que só poden tratar a información á que accedan en

virtude do contrato para cumprir o servizo obxecto deste prego e tamén da obriga de non facelos públicos, ceder ou allear cantos datos coñezan.

- c) Non comunicar, en ningún caso, nin tan sequera para a súa conservación, os datos de carácter persoal tratados en virtude deste contrato, a ningún terceiro.
- d) Adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. O adxudicatario deberá dispoñer dun documento de seguridade actualizado, ter definido perfís de usuarios e establecido os correspondentes controis para o acceso aos datos de carácter persoal e medidas suficientes para a identificación e autenticación de ditos usuarios, así como dispoñer dos preceptivos procedementos de xestión de incidencias, xestión de soportes e documentación (incluídos criterios de arquivo, almacenamento e custodia de ficheiros non automatizados), realización de copias de respaldo, e recuperación de datos.
- e) Conservar debidamente bloqueados os datos en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa entidade responsable do tratamento.
- f) Devolver, unha vez cumpridas as obrigas deste contrato, aos responsables do tratamento os datos de carácter persoal calquera que fose o soporte ou documento nos que estiveran contidos.

4.- Respecto da Base de Datos Catastral, deben axustarse ao mesmo réxime de garantías e esixencia de responsabilidade que o propio Concello, e asumen en particular as seguintes obrigas:

- a) O tratamento dos datos farase conforme ás instrucións da Xerencia Territorial do Catastro e a cláusula 11 do Convenio de Colaboración.
- b) A denuncia ou finalización do contrato ou o exercicio pola Dirección Xeral do Catastro das facultades de revogación da cesión do tratamento contido no contrato, supoñerá a devolución á Xerencia Territorial de todos os documentos nos que puidera constar algún dato persoal.

5.- A/O contratista ten a obriga de comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vida do contrato na información contida na declaración relativa á ubicación dos servidores e localización do lugar de prestación dos servizos asociados aos mesmos.

21. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

OUTRAS INFRACCIÓN E/OU PENALIDADES:

Por deficiencias na prestación dos servizos:

1. Se con posterioridade ao pagamento da factura, mediante recurso dos titulares catastrais ou contribuíntes, se observasen erros na prestación, que poderían terse evitado porque existía a información correcta nas Bases de Datos do Concello, á adxudicataria imporáselle unha penalidade correspondente ao dobre do importe do prezo unitario da prestación errónea.
2. No caso de que se exceda o tempo de tramitación máximo de 6 meses dun expediente dos servizos I.2 ou I.3, sen que concurran as causas de suspensión obrigada por tramitación previa doutro expediente ou por requirimentos a colindantes, este expediente non terá custe para o Concello
3. No caso de non incorporar na Base da Datos Espacial os SHP aos que fai referencia o servizo II.1, nun prazo inferior a dous meses contados dende a data do peche dos expedientes catastrais, deberanse incorporar sen custo adicional para o Concello. No caso de que non foran incorporados nos seguintes 30 días naturais, imporáselle unha penalidade correspondente ao dobre do importe do prezo unitario da prestación.
4. No caso de excederse o prazo de 3 meses contados dende a aprobación das licencias urbanísticas sen que estas tiveran o seu rexistro na Sede Electrónica de Catastro para desenvolver o procedemento de comunicación, imporáselle unha penalidade correspondente ao dobre do importe do prezo unitario da prestación.
5. No caso da detección de erros nos aplicativos ou bases de datos do Concello, este solicitará á adxudicataria a subsanación dos mesmos. A demora superior a 15 días naturais na citada subsanación implicará unha penalidade correspondente ao dobre do importe do prezo unitario da prestación errónea.

Declaración de ausencia de conflito de intereses:

As persoas que subscriben esta memoria declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por resolución da concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asinan dixitalmente: A xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.